



CONCELLOS

LUGO

Anuncio

Ilma. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Vista a proposta de convocatoria de bases reguladoras para a concesión de bolsas e axudas para estudos ao persoal ó servizo do Concello de Lugo para o curso 2019-2020 así como os informes favorables que constan no expediente.

Tendo en conta o anterior, e en virtude das atribucións conferidas á Tenenta de Alcaldesa delegada da área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos delegadas pola Xunta de Goberno Local por acordo de data 17/07/2019,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar axudas para estudos do persoal ao servizo do Concello de Lugo para o curso 2019-2020.

SEGUNDO.- Aprobar as bases que rexerán a convocatoria de axudas para estudos do persoal ao servizo do Concello de Lugo para o curso 2019-2020:

1.- Persoas beneficiarias.

Poderán solicitar as axudas económicas para estudos obxecto da presente convocatoria todo o persoal funcionario de carreira en propiedade, persoal laboral fixo, e persoal temporal (funcionarios interinos, persoal laboral temporal e persoal eventual con máis dun ano de servizos prestados de forma ininterrompida dende o seu nomeamento ata a data de fin da convocatoria, coa excepción do persoal incluído en proxectos ou convenios subvencionados pola Unión Europea ou outras Administracións Públicas), e que estean en servizo activo no Concello na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria.

2.- Alcance.

As axudas obxecto da presente convocatoria van destinadas aos seguintes estudos:

- Educación infantil e Primaria.
- Educación secundaria: ESO, bacharelato e formación profesional ciclos de grao medio.
- Graduado en ESO (ou equivalente) para adultos.
- Acceso á universidade.
- Formación profesional ciclos de grao superior.
- Educación universitaria: Graos, Mestrados e doutoramento.
- Educación especial: procederá no caso de que o alumnado para o que se solicite reciba unha educación especial con motivo de diversidade funcional física ou psíquica acreditada co certificado de minusvalía oficial e estea matriculado nalgún dos estudos sinalados na presente base.
- Estudos en Conservatorios Oficiais de Música e Danza.
- Ensinanzas oficiais de idiomas impartidas por Institucións de titularidade pública dependentes do Estado, CCAA ou Institucións Europeas.
- Ensinanzas especiais superiores que teñan unha regulación especial con equivalencia de Grao.

3.- Condicións xerais.

Son condicións xerais para obter a axuda á que se refire esta convocatoria, e pola seguinte orde de preferencia:

a) Que o alumno ou alumna sexa fillo/a ou menor a cargo do persoal cos requisitos sinalados anteriormente na base 1ª, que presten servizos no Concello de Lugo.

b) Que o alumno/a sexa funcionario/a de carreira, persoal laboral fixo ou persoal laboral temporal cos requisitos sinalados anteriormente na base 1ª, que presten servizos no Concello de Lugo.

c) Non percibir outra bolsa que supoña axuda económica para a mesma ou análoga finalidade académica.

4.- Consignación orzamentaria.

Do importe total consignado no Orzamento xeral da Corporación para o exercicio 2020 no capítulo correspondente a Acción social en favor do persoal funcionario e laboral na aplicación orzamentaria que corresponda destinaranse para as axudas de estudos 20.000 €.

5.- Prazo de presentación das solicitudes.

As solicitudes presentaranse no Rexistro de entrada do Concello no prazo de 20 días hábiles a partires do día seguinte á publicación no BOP.

6.- Documentación.

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude achegaranse a esta, inexcusabelmente, os seguintes documentos:

a) Para educación infantil e primaria, entregárase a certificación ou copia auténtica acreditativa de ter a matrícula realizada no curso para o que se solicita a axuda ou que acredite que é alumno/a do centro

c) Para educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e acceso á universidade, entregárase: certificación acreditativa de estar matriculado do curso para o que se solicita a axuda ou acreditativo de que é alumno/a do centro.

d) Estudos universitarios: copia do documento de liquidación de taxas de matrícula correspondente a alomenos 30 créditos para o que se solicita a axuda (co xustificante bancario do abono), así como do documento no que figuran relacionadas as disciplinas ou os créditos obrigatorios do curso en cada caso. No caso de pago fraccionado da matrícula achegarase o resguardo do primeiro pagamento.

Tamén deberán presentar a información do expediente académico que comprenda as materias cursadas dende que se iniciaron eses estudos ata o curso actual. Naqueles supostos en que se aprecien discrepancias entre o contido do expediente, poderá esixirse unha certificación académica orixinal da universidade.

e) Para o doutoramento ou mestrados universitarios: copia do documento de liquidación de taxas de matrícula correspondente ao curso para o que se solicita a axuda e información do expediente académico que comprenda as materias cursadas dende que se iniciaron eses estudos ata o curso actual

f) Para educación especial, certificación acreditativa de estar matriculado nun centro durante o curso e ademais o certificado oficial que acredite a minusvalía, que só no caso de ser temporal a minusvalía terá que ser actualizado.

g) Todos os membros da unidade familiar que realicen traballos por conta allea, deberán presentar a certificación negativa do seu centro de traballo ou empresa acreditativa de que non reciben outra axuda ou subvención para a mesma fin.

No caso de que a documentación esté incompleta ou incorrecta, requirirase ao solicitante a súa presentación ou emenda no prazo improrrogable de 10 días, de acordo co establecido na lexislación vixente. A non presentación da documentación en prazo, implicará a desestimación da solicitude.

7.- Contía das axudas.

a) Educación infantil e primaria: 60 € .

b) Educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional ciclos de grao medio e acceso á universidade: 100 € .

c) Formación Profesional ciclos de grao superior: 120 € .

d) Estudos universitarios: medios, superiores e doutoramento: 180 €

e) Estudos en Conservatorios Oficiais de Música e Danza e Ensinanzas oficiais de idiomas impartidas por Institucións de titularidade pública dependentes do Estado, CCAA ou Institucións Europeas: 150 €

f) Educación especial: 300 €.

8.- Porcentaxes.

As persoas solicitantes que cumpran estas condicións xerais poderán percibir a axuda nas contías establecidas no punto 7 (contía das axudas). De non ser suficiente a consignación orzamentaria para aboar todas as axudas solicitadas ó 100%, repartirase ou deducirase proporcionalmente entre as persoas solicitantes de axudas.

9.- Prazo máximo para resolver:

O prazo máximo para resolver o procedemento será de tres meses.

10.- Disposición final.

O feito de presentar a solicitude implica directamente a aceptación das bases coas súas condicións e requisitos máis a autorización expresa ó Concello para pedir, no nome da persoa solicitante, os documentos e certificados que sexan precisos segundo as bases da convocatoria

TERCEIRO.- Publicar a presente convocatoria, xunto coas bases polas que se rexe, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 16 de novembro de 2020.- Tenente Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 2839

Anuncio

Ilma. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Vista a proposta de convocatoria de bases reguladoras para a concesión de bolsas e axudas para estudos ao persoal ó servizo do Concello de Lugo para o curso 2020-2021 así como os informes favorables que constan no expediente.

Tendo en conta o anterior, e en virtude das atribucións conferidas á Tenenta de Alcaldesa delegada da área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos delegadas pola Xunta de Goberno Local por acordo de data 17/07/2019,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar axudas para estudos do persoal ao servizo do Concello de Lugo para o curso 2020-2021.

SEGUNDO.- Aprobar as bases que rexerán a convocatoria de axudas para estudos do persoal ao servizo do Concello de Lugo para o curso 2020-2021:

1.- Persoas beneficiarias.

Poderán solicitar as axudas económicas para estudos obxecto da presente convocatoria todo o persoal funcionario de carreira en propiedade, persoal laboral fixo, e persoal temporal (funcionarios interinos, persoal laboral temporal e persoal eventual con máis dun ano de servizos prestados de forma ininterrompida dende o seu nomeamento ata a data de fin da convocatoria, coa excepción do persoal incluído en proxectos ou convenios subvencionados pola Unión Europea ou outras Administracións Públicas), e que estean en servizo activo no Concello na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria.

2.- Alcance.

As axudas obxecto da presente convocatoria van destinadas aos seguintes estudos:

- Educación infantil e Primaria.
- Educación secundaria: ESO, bacharelato e formación profesional ciclos de grao medio.
- Graduado en ESO (ou equivalente) para adultos.
- Acceso á universidade.
- Formación profesional ciclos de grao superior.
- Educación universitaria: Graos, Mestrados e doutoramento.
- Educación especial: procederá no caso de que o alumnado para o que se solicite reciba unha educación especial con motivo de diversidade funcional física ou psíquica acreditada co certificado de minusvalía oficial e estea matriculado nalgún dos estudos sinalados na presente base.
- Estudos en Conservatorios Oficiais de Música e Danza.
- Ensinanzas oficiais de idiomas impartidas por Institucións de titularidade pública dependentes do Estado, CCAA ou Institucións Europeas.
- Ensinanzas especiais superiores que teñan unha regulación especial con equivalencia de Grao.

3.- Condicións xerais.

Son condicións xerais para obter a axuda á que se refire esta convocatoria, e pola seguinte orde de preferencia:

a) Que o alumno ou alumna sexa fillo/a ou menor a cargo do persoal cos requisitos sinalados anteriormente na base 1ª, que presten servizos no Concello de Lugo.

b) Que o alumno/a sexa funcionario/a de carreira, persoal laboral fixo ou persoal laboral temporal cos requisitos sinalados anteriormente na base 1ª, que presten servizos no Concello de Lugo.

c) Non percibir outra bolsa que supoña axuda económica para a mesma ou análoga finalidade académica.

4.- Consignación orzamentaria.

Do importe total consignado no Orzamento xeral da Corporación para o exercicio 2020 no capítulo correspondente a Acción social en favor do persoal funcionario e laboral na aplicación orzamentaria que corresponda destinaranse para as axudas de estudos 20.000 €.

5.- Prazo de presentación das solicitudes.

As solicitudes presentaranse no Rexistro de entrada do Concello no prazo de 20 días hábiles a partires do día seguinte á publicación no BOP.

6.- Documentación.

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude achegaranse a esta, inexcusabelmente, os seguintes documentos:

a) Para educación infantil e primaria, entregárase a certificación ou copia auténtica acreditativa de ter a matrícula realizada no curso para o que se solicita a axuda ou que acredite que é alumno/a do centro

c) Para educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e acceso á universidade, entregárase: certificación acreditativa de estar matriculado do curso para o que se solicita a axuda ou acreditativo de que é alumno/a do centro.

d) Estudos universitarios: copia do documento de liquidación de taxas de matrícula correspondente a alomenos 30 créditos para o que se solicita a axuda (co xustificante bancario do abono), así como do documento no que figuran relacionadas as disciplinas ou os créditos obrigatorios do curso en cada caso. No caso de pago fraccionado da matrícula achegarase o resgardo do primeiro pagamento.

Tamén deberán presentar a información do expediente académico que comprenda as materias cursadas dende que se iniciaron eses estudos ata o curso actual. Naqueles supostos en que se aprecien discrepancias entre o contido do expediente, poderá esixirse unha certificación académica orixinal da universidade.

e) Para o doutoramento ou mestrados universitarios: copia do documento de liquidación de taxas de matrícula correspondente ao curso para o que se solicita a axuda e información do expediente académico que comprenda as materias cursadas dende que se iniciaron eses estudos ata o curso actual

f) Para educación especial, certificación acreditativa de estar matriculado nun centro durante o curso e ademais o certificado oficial que acredite a minusvalía, que só no caso de ser temporal a minusvalía terá que ser actualizado.

g) Todos os membros da unidade familiar que realicen traballos por conta allea, deberán presentar a certificación negativa do seu centro de traballo ou empresa acreditativa de que non reciben outra axuda ou subvención para a mesma fin.

No caso de que a documentación esté incompleta ou incorrecta, requirirase ao solicitante a súa presentación ou emenda no prazo improrrogable de 10 días, de acordo co establecido na lexislación vixente. A non presentación da documentación en prazo, implicará a desestimación da solicitude.

7.- Contía das axudas.

a) Educación infantil e primaria: 60 € .

b) Educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional ciclos de grao medio e acceso á universidade: 100 € .

c) Formación Profesional ciclos de grado superior: 120 € .

d) Estudos universitarios: medios, superiores e doutoramento: 180 €

e) Estudos en Conservatorios Oficiais de Música e Danza e Ensinanzas oficiais de idiomas impartidas por Institucións de titularidade pública dependentes do Estado, CCAA ou Institucións Europeas: 150 €

f) Educación especial: 300 €.

8.- Porcentaxes.

As persoas solicitantes que cumpran estas condicións xerais poderán percibir a axuda nas contías establecidas no punto 7 (contía das axudas). De non ser suficiente a consignación orzamentaria para aboar todas as axudas solicitadas ó 100%, repartirase ou deducirase proporcionalmente entre as persoas solicitantes de axudas.

9.- Prazo máximo para resolver:

O prazo máximo para resolver o procedemento será de tres meses.

10.- Disposición final.

O feito de presentar a solicitude implica directamente a aceptación das bases coas súas condicións e requisitos máis a autorización expresa ó Concello para pedir, no nome da persoa solicitante, os documentos e certificados que sexan precisos segundo as bases da convocatoria

TERCEIRO.- Publicar a presente convocatoria, xunto coas bases polas que se rexe, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 16 de novembro de 2020.- Tenente Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 2840

OUROL*Anuncio*

O Pleno do concello de Oural, en sesión extraordinaria celebrada o día dezasete de novembro de dous mil vinte, aprobou inicialmente o Orzamento municipal para o exercicio 2021, as Bases de execución, a plantilla de persoal, as fontes de financiamento e demais documentación que obra no expediente. En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste Concello, durante un prazo de quince días hábiles, que empezarán a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, coa finalidade de que durante o devandito prazo se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, e que deberán ir dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Oural, dezasete de novembro de dous mil vinte.- O Alcalde-Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2900

Anuncio

O Pleno do concello de Oural, en sesión extraordinaria celebrada o día dezasete de novembro de dous mil vinte, aprobou inicialmente o expediente de modificación de orzamento, crédito extraordinario/suplemento de crédito, con cargo ao remanente líquido de tesourería polo importe de cento sete mil douscentos euros, (107.200,00 €). En cumprimento do disposto no artigo 177.2, en relación co 169.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, coa finalidade de que durante este período de tempo, que comezará a contar dende o día seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se estimen pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Oural, dezasete de novembro de dous mil vinte.- O Alcalde-Presidente, José Luis Pajón Camba

R. 2901

RIBAS DE SIL*Anuncio*

Aprobados por Decretos da Alcaldía de datas 9 e 12 de novembro de 2020 os padróns do 3º Trimestre de 2020 do servizo de abastecemento de auga, canon, sumidoiros e recollida de lixo, e padrón SAF do mes de outubro, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderán interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei. No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa exixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 12 de novembro de 2020.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 2841

O VALADOURO

Anuncio

ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA E REFORESTACIÓN NOS MONTES E NOS ESPAZOS FORESTAIS DO CONCELLO DE O VALADOURO.

A actividade madeireira ten suma importancia no Concello de O Valadouro debido a que boa parte da superficie municipal está cuberta por especies forestais, polo que a incidencia do monte nas economías familiares do Concello é moi importante e cómpre darlle o valor que lle corresponde.

Igualmente a industria de transformación da madeira ten unha grande importancia para a economía de O Valadouro debido aos postos de traballo que xera entre os nosos veciños.

Ademais disto, o monte, posúe unha elevada produtividade, grazas ao noso clima e a nosa terra, e isto xera unha potencialidade que ben aproveitada, podería incrementar a produción de madeira, facer medrar as rendas das persoas propietarias, mellorar a xestión das empresas da madeira, achegar un produto de calidade para a industria transformadora, e con estas circunstancias acadar un maior valor, maior renda, máis emprego e mellor calidade de vida.

Nembargantes para lograr estes obxectivos faise moi necesario que a actual situación se encamiñe cara a un novo concepto de xestión sustentable dos nosos montes, para o cal debese intentar eliminar ou reducir ao máximo os graves problemas que hoxe presenta o sector e que son entre outros os importantes impactos sobre a rede viaria municipal causados pola maquinaria forestal e os labores de extracción e carga de madeira.

O noso Concello, consciente da importancia do sector, pero tamén preocupado polos custos que esta actividade xera nas infraestruturas locais, e polo tanto no conxunto da nosa veciñanza, pretende regular con esta ordenanza os labores de xestión forestal en O Valadouro, no que respecta á conservación das vías e así promover unha xestión racional e sustentable dos espazos forestais. E estas cuestións faise conforme ao establecido nas regulacións contidas na Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, e na lei 5/1977, da administración local de Galicia, entre outras.

Principalmente a presente Ordenanza pretende velar pola debida conservación das vías públicas de titularidade municipal, que poden ser obxecto de danos polas operacións de corta, extracción e plantación da madeira, tamén neste contexto o Concello de O Valadouro expresa a súa vontade de procurar emprazamentos en terreos públicos para facilitar puntos de acopio, os cales se definen dentro do articulado do texto.

Desta maneira a Ordenanza vai encamiñada a regular a actividade extractiva de madeira e a reforestación e outros traballos forestais nos que se empregue maquinaria pesada no termo municipal, con exclusión daquela que poida ser considerada de autoconsumo, para o cal establécense as obrigas de xestión que afectarán ás empresas como ás persoas propietarias dos montes que se exploten

Para levar control das operacións forestais que se desenvolvan, o Concello requirirá a presentación dunha comunicación previa, para informar da realización de actividades extractivas de madeira, así como da reforestación

Aos efectos da regulación recollida nesta Ordenanza defínense:

Empresa madeireira

Corta

Acopio ou Depósito

Ruta de Acopio ou Depósito

Ruta de Saída

Tratamento dos residuos forestais

Reforestación

A norma recolle tamén un apartado de infraccións e sancións

TITULAR PRELIMINAR: OBXECTO E FUNDAMENTO

Artigo 1. Obxecto e fundamento

Segundo o disposto nos artigos 25 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción da lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración, e 75 e 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, o Concello de O Valadouro establece a presente ordenanza reguladora do uso común especial das cortas forestais.

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación do citado uso pola actividade forestal que consiste na corta e saca de madeira, así como a reforestación dentro do termo municipal para facela compatible coa preservación do medio natural dos bens municipais e da seguridade viaria. Esta ordenanza afecta aos actos que se desenvolvan e que teñan por obxecto a obtención de madeira e o seu transporte (operacións preparatorias de corta, desprazamentos de vehículos e maquinaria, construción de ramplas de acceso aos terreos, depósitos de madeira, transportes da mesma, etc.) e as operacións de reforestación. Con isto quérese facer compatible a liberdade de empresa e o desenvolvemento do sector forestal, tan importante no noso Concello, coa preservación do medio natural, a conservación dos camiños e pistas municipais e coa seguridade viaria.

Artigo 2. Definicións

Para os efectos da aplicación desta Ordenanza, considérase como actividade forestal aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola

Aos efectos da regulación recollida nesta Ordenanza considerárase:

-Por Empresa madeireira debe entenderse a persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, corta, saca, depósito e/ou transporte de madeira, repoboación ou eliminación de residuos de corta. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algún destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización.

-Por Corta de madeira deberá entenderse, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do municipio de O Valadouro que teñan por obxecto a obtención e tala da madeira e o transporte da mesma ata o lugar de acopio ou depósito incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos a fincas, preparación do terreo, etc.)

-Acopio ou Depósito é o emprazamento provisional cuxo obxecto é servir para as operacións de carga para condución ao seu destino.

Distínguense dous tipos de acopio ou depósito: O realizado dentro da propia parcela na que se leva a cabo a corta, e o que ten lugar noutro emprazamento distinto á parcela obxecto de extracción. Neste segundo suposto é necesario indicar a ruta de acopio que se vai realizar.

-Ruta de Acopio ou Depósito son as vías polas que se transporta a madeira talada ata chegar ou punto de Acopio ou Depósito. Estas vías con independencia da súa titularidade deben ser repostas unha vez utilizadas nas condicións anteriores a practicarse a corta da madeira.

-Ruta de Saída. Entenderanse como tales as vías municipais empregadas para o transporte da madeira dende o Acopio ou depósito ata os límites do Concello. O Concello establecerá as rutas prioritarias para o transporte e só no caso de que a ruta prioritaria no poda ser utilizada, o Concello propondrá unha ruta alternativa individualizada para ese suposto.

-Tratamento de residuos forestais. Son os traballos cuxo obxecto consista na eliminación dos restos da corta e que precisen de maquinaria pesada para ser levado a cabo, ben sexa mediante o empacado dos mesmos ou outros medios similares.

Na Comunicación previa feita pola empresa madeireira que leva a cabo a corta debe indicarse sempre se esta actividade se realiza pola mesma ou por outra empresa, neste último caso a empresa encargada desta actuación deberá presentar comunicación previa individual da anterior nos mesmos termos que para a corta, indicando acopios, ruta de acopios, ruta de saída e maquinaria a empregar. Faltando a comunicación da devandita empresa considerárase responsable da actuación a empresa que realice a corta, que quedará na obriga de indicar os datos expresados neste parágrafo.

-Reforestación. É o conxunto de traballos encamiñados a repoboación forestal das parcelas obxecto de corta, con calquera especie permitida. Para a mesma será necesaria declaración responsable que presentará a empresa encargada desta labor ou os propietarios das parcelas. No caso de que para esta actuación se utilice maquinaria

pesada deberá procederse á reparación das vías de calquera titularidade que resulten afectadas con especial atención a cunetas, entradas a parcelas, etc.

O Solicitante dos traballos queda obrigado ao cumprimento das disposicións legais no relativo a retranqueos e prohibicións de plantacións nas distancias e nas especies arbóreas que a lexislación contemple.

Con respecto as repoboacións espontáneas e retoños producidas trala corta, o propietario queda obrigado á eliminación dos mesmos ata acadar as distancias esixidas pola lexislación con respecto a vías, parcelas colindantes e franxas de biomasa

Artigo 3. Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de O Valadouro, sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas cualificadas como especialmente protexidas ou espazos naturais.

TÍTULO I: AUTORIZACIÓNS E RÉXIME XURÍDICO

Artigo 4. Requisitos para as operacións de corta e saca de madeira

Para realizar traballos de corta e saca de madeira en parcelas forestais e vías públicas deste Concello, cun volume mínimo estimado de 10 toneladas, será obrigatorio presentar no rexistro municipal por calquera das vías indicadas na lei 39/2015 unha comunicación previa por escrito. Isto farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos, autorizacións ou informes que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa sexa da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección das estradas, de protección de augas ou de preservación do patrimonio cultural arqueolóxico.

O escrito de comunicación previa será asinado pola empresa madeireira, debendo constar nel os seguintes datos:

1. Datos identificativos da empresa madeireira (denominación, número do CIF/NIF, enderezo -postal e electrónico- e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa)
2. Copia da autorización ou permiso de corta expedido pola autoridade competente, incluíndo copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando sexan legalmente esixibles ao solicitante.
3. Datas previstas de inicio e remate dos traballos.
4. Lugar de acopio ou depósito, ruta de acopio, ruta de saída (a cal será confirmada polo Concello se é prioritaria o noutro caso indicáraselle unha alternativa) e tratamento de residuos forestais se o realiza ,ou no caso contrario a empresa designada para ese traballo.
5. Copia do seguro de responsabilidade civil o calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o devandito seguro se atopa vixente no momento de realizarse as operacións.

Contémplanse o seguintes supostos:

- 1.- Que a corta se faga en parcelas sitas neste Concello e se faga uso das vías públicas locais
- 2.- Que a corta se faga en parcelas de outro Concello colindante e que se teñan que utilizar as vías do Concello de O Valadouro.

Nestes supostos será necesaria a correspondente comunicación.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN

- 1.- Cortas e sacas programadas: 7 días naturais. Tempo necesario para que o Concello faga as comprobacións oportunas do estado das vías de saca propostas polo solicitante.
- 2.- Cortas por urxencia sobrevida pola ocasionalidade de compras de lotes en parcelas colindantes, adxacentes ou con proximidade notoria polas que se vaian usar as mesmas vías da comunicación matriz.
- 3.- Cortas por ocasionalidade derivada da presenza da empresa cortadora na zona, polígono ou parroquia, que impliquen a corta continuada de parcela en parcela utilizando vías de acopio e saca, ou indistintamente, distintas da comunicación matriz.

Para os supostos 2 e 3 deste apartado establece un prazo de 48 horas previas o inicio da corta. Ademais no suposto 3 será obrigatorio e imprescindible incorporar á comunicación fotografías fidedignas do estado das vías a utilizar.

No suposto que coincida mais de unha empresa nas mesmas vías, deberán comunicar todas elas unha comunicación responsable aceptando a reparación dos danos de forma solidaria, independentemente da porcentaxe que lle corresponda a cada empresa, que será pactada en réxime interno. En caso de discrepancias, o Concello resolverá por tonelaxe da madeira sacada.

O Concello de O Valadouro terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de comunicación previa.

O Concello de O Valadouro requirirá á empresa madeireira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal a presentación dun escrito de posta en coñecemento (que será o mesmo que o de comunicación previa) cando comprobe que, a empresa madeireira non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais a comunicación previa

Queda fóra da aplicación da presente ordenanza, a realización de cortas para usos propios domésticos, entendendo como tales os que non teñan fins comerciais e teñan un volume máximo de 10 m³ (Artigo 19 da Orde de 20 de abril de 2018 da Consellería de Medio Rural) estando na obriga só de presentar comunicación previa ante o Concello.

Artigo 5. Responsables

A empresa madeireira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, acopio ou depósito e transporte da madeira nas súas distintas rutas, debendo reparar o dano causado. O Concello de O Valadouro velará especialmente para que as devanditas operacións de corta, saca de madeira e repoboación non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en adecuado estado de conservación, limpeza e seguridade.

A obriga recollida no punto anterior será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de corta, saca de madeira e repoboación por conta, o consentimento da empresa madeireira (na repoboación só no caso que na comunicación previa estableza a súa realización) e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira e de repoboación serán responsables, principalmente cando a corta o reforestación se faga en zonas con pendentes elevadas, de tomar as medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

Artigo 6. Obrigas

A empresa madeireira estará obrigada a:

-Colocación dun cartel coa información identificativa da empresa que realiza as actividades obxecto desta ordenanza e a data de desenvolvemento dos traballos

A falla desta obriga recollese no artigo 9 como infracción leve.

-Asumir os custos de reparación dos danos producidos nas vías, nas estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local. -Á limpeza e á retirada dos residuos da corta de madeira de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira así como o tratamento de residuos forestais cando a empresa leve a cabo esta actividade

- A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo nas vías públicas asfaltadas e camiños susceptibles de circulación rodada.

- Os depósitos de cortizas de madeira, pólas, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscar a funcionalidade das cunetas, gabias, canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa aos camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias.

- Prohíbese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais queden ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados. Os residuos asimilables aos urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal adecuado. Os residuos industriais, especialmente aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.

-As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de xeito que minimicen os riscos de incendios, dando prioridade os tratamentos que supoñan a incorporación dos devanditos restos ao ciclo produtivo agroforestal ou ao aproveitamento de biomasa forestal residual nas súas distintas variantes.

- Non se poderá realizar ningún depósito nas vías públicas da madeira, podendo ser estas utilizadas unicamente para operación de carga de madeira. Por outra banda entenderase por depósito irregular, aos efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais tanto de madeira e material forestal en calquera punto non permitido, a excepción das vías públicas donde non se permitirá en ningún caso.

-Deberán derrubar e repoñer ao seu estado anteriores ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte co obxecto de que, cando chova a auga e a terra arrastradas non inunde e cause danos nas pistas ou camiños municipais. As reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 72 horas a partir da retirada da madeira, excepto naqueles casos que non sexa posible polas condicións meteorolóxicas o cal se deberá comunicar ao Concello.

- Prohíbese expresamente a circulación de vehículos pesados tipo oruga pola totalidade das vías asfaltadas e camiños susceptibles de circulación rodada.

- No caso de imposibilidade absoluta para acceder ao emprazamento da corta, deberá solicitarse a autorización expresa ao Concello e será o Concello, quen a fin de facilitar a extracción da madeira, estableza as condicións necesarias, de cumprimento obrigatorio, e individualizadas para cada suposto para que a empresa poda realizar o seu traballo.

O Concello poderá de xeito excepcional autorizar puntos de acopio ou depósito sempre que non sexa posible facelo nos puntos existentes, e cumprindo coas condicións que esta Entidade impoña.

O responsable da reforestación estará obrigado a:

-Realizar Declaración responsable en formato normalizado que se atopará a súa disposición no Concello na que o solicitante conveña en cumprir a normativa vixente en materia de distancias e especies a repoboar

O Concello asumirá a levanza dun rexistro que comprenda a totalidade das actuacións no sector forestal: Extracción e Reforestación

TÍTULO II: INFRACCIÓN E SANCIÓN

Artigo 7. Infraccións

Son infraccións da presente Ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido en esta. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición aos responsables das correspondentes sancións, ademais da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

As infraccións a esta Ordenanza cualifícanse en tres categorías: moi graves, graves e leves.

-Constitúen infraccións moi graves, as seguintes:

Non presentar, no prazo que se indique, o escrito de comunicación previa, de realización dos traballos forestais, unha vez fose requirido polo Concello.

Deixar as vías municipais nun estado de suciedade que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo informe municipal emitido para o caso.

Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas graves firmes na vía administrativa.

-Constitúen infraccións graves, as seguintes:

Non presentar o escrito de comunicación previa, aínda que o achegue despois de ser requirido polo Concello

Deixar as vías municipais en deficiente estado de suciedade, segundo informe municipal emitido para o caso.

Non repoñer ao seu estado orixinal as ramplas que se abran para o acceso aos terreos forestais.

Cometer nun prazo dun ano dúas faltas leves firmes na vía administrativa.

-Constitúen infraccións leves, calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea tipificado como moi grave ou grave.

Artigo 8. Sancións

As infraccións desta Ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

Infraccións leves: Multa de ata 1.000 €.

Infraccións graves: Multa de contía comprendida entre 1.001 a 3.000 €.

Infraccións moi graves: Multa de contía comprendida entre 3.001 a 5.000 €

A tramitación do procedemento sancionador, non previsto en esta Ordenanza, rexerá pola normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para os interesados.

O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e dacordo co establecido na normativa vixente.

As multas e sancións impostas ao abeiro da presente ordenanza reduciranse na súa contía nun 50% no caso de que se abonaran no prazo de 15 días a partir da súa notificación da multa ou sanción, e se o infractor amosa por escrito a súa conformidade con elas e, renuncia expresamente ao exercicio de toda acción, impugnación no citado prazo.

O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da esixencia, se fora o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houbera lugar.

A resolución do expediente sancionador corresponderá a Alcaldía.

Artigo 9. Requirimentos

Unha vez que se advertiu o incumprimento da presente Ordenanza, e de forma paralela a apertura do expediente sancionador, requirirase a persoa responsable da infracción para que se axuste á normativa, e de ser o caso, repare o danos e prexuízos causados, outorgándolle para iso un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais que, en calquera caso, non poderá exceder dun mes.

Asimesmo una vez transcorrido este prazo sen que dea cumprimento ao requirimento, procederase sen necesidade de novas notificacións, a súa execución subsidiaria, repercutíndolle os custos necesarios á persoa responsable.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS: A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial de Provincia e será de aplicación a partir dese mesmo día.

A Alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes e instrucións sexan necesarias para ditar cantas ordes ou instrucións sexan necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

Contra a presente norma interporase recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso Administrativo correspondente.

O Valadouro, 13 de novembro de 2020.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 2842

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DO SOCIAL N.º 1 LUGO***Anuncio*

D. RAFAEL GONZALEZ ALIO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 001 DE LUGO.

HAGO SABER: Que en el proceso seguido a instancia de D/Dª ADRIAN FERNANDEZ ALVAREZ contra MIANA OPERADORA DE TRANSPORTE SL, FONDO DE GARANTIA SALARIAL con el nº PO 725/17, se ha dictado autos, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente

“ **Dispongo:** Tener por desistido a ADRIAN FERNANDEZ ALVAREZ de su demanda frente a MIANA OPERADORA DE TRANSPORTE SL, FONDO DE GARANTIA SALARIAL sobre reclamación de cantidad.

Archivar las actuaciones una vez que sea firme esta resolución.”

Y para que sirva de notificación a **MIANA OPERADORA DE TRANSPORTE SL**, se expide la presente para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En LUGO, a nueve de noviembre de dos mil veinte. **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2844

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO*Anuncio*

DAVID SANTOS RIO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL Nº 2 DE LUGO,

HAGO SABER: Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 187/2013 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D. MANUEL AIRA BALDONEDO Y OTROS contra la empresa CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES J DIAZ FERNANDEZ SL, se ha dictado diligencia de ordenación de fecha 9/11/2020, que literalmente dice:

“*Vistos los escritos de fechas 07/4/2015 y 27/4/2015, presentados por el FONDO DE GARANTÍA SALARIAL; y vista la anterior comunicación remitida por la Dependencia Regional de Recaudación de la AEAT, acuerdo:*

- *Tener por subrogado al FONDO DE GARANTÍA SALARIAL en los créditos hechos efectivos a los ejecutantes, en las cantidades que a continuación se indican, por insolvencia de la empresa CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES J. DÍAZ FERNÁNDEZ SL:*

Ejecución	Ejecutante	Cantidad satisfecha
187/2013	AIRA BALDONEDO, Manuel	16.779,05 euros
126/2014	NÚÑEZ AIRA, Gustavo	13.620,50 euros
165/2014	LOUZA VÁZQUEZ, José Manuel	5.366,40 euros
151/2014	MOURIN SOBRADO, Mercedes Alicia	14.529,92 euros
Total:		50.295,87 euros

- Poner en conocimiento de la Agencia Tributaria que el crédito subsistente en las presentes actuaciones de ejecución asciende al día de la fecha a un total de 84.775,02 euros de principal, más otros 15.300 euros presupuestados para intereses y costas.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante recurso de reposición a interponer en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación ante el/la Letrado de la Administración de Justicia que dicta esta resolución con expresión de la infracción que a juicio del recurrente contiene la misma, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.”

Y para que sirva de notificación en legal forma a la empresa CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES J. DÍAZ FERNÁNDEZ SL, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, de decreto que ponga fin al procedimiento o resuelva un incidente, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a diez de noviembre de dos mil veinte.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 2845

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 003 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000404/2018 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de DON ANTONIO SEOANE GARCIA, contra ITECSA BIERZO SL sobre ORDINARIO, se ha dictado SENTENCIA, en fecha 23.10.20, cuya DECISIÓN es del siguiente tenor literal:

“1. Acollo a demanda formulada por Antonio Seoane García contra ITECSA BIERZO, SL polo que condeno a ITECSA BIERZO, SL ao pago a Antonio Seoane García da cantidade de 1483,83 euros brutos, sobre os que se reportarán os xuros do 10 por cento.-2. As custas do procedemento (que incluírán os honorarios do/a letrado/a-graduado/a social da parte actora ata o máximo de 600 euros) serán aboadas por ITECSA BIERZO, SL.- Esta resolución seralles notificada ás partes, indicándoselles que é firme.- Así o acordo, decido e asino.”

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a la empresa "ITECSA BIERZO, S. L.", en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a trece de novembro de dos mil veinte.- LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.

R. 2846

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - CERVO

Anuncio

BASES REGULADORAS DE LA CONVOCATORIA DE AYUDAS PARA LA REACTIVACIÓN ECONÓMICA Y SOCIAL EN EL AYUNTAMIENTO DE CERVO

BDNS (Identif.): 532523

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/532523>)

Primero. Beneficiarios.

Personas trabajadoras autónomas, con o sin trabajadores a su cargo y microempresas, cualquiera que sea a su forma jurídica, que desarrollen su actividad en el término municipal de Cervo.

Segundo. Objeto.

Las ayudas tienen carácter finalista y van destinadas a facilitar medios para hacer frente a las consecuencias de la crisis provocada por la COVID-19 y a paliar su impacto económico y social sobre las microempresas y personas trabajadoras por cuenta propia o autónomas del Concello de Cervo.

Tercero. Cuantía de la ayuda.

La cuantía máxima global destinada a atender las solicitudes de las ayudas es de 90.000 €. La cantidad mínima individual a percibir por cada solicitante que reúna los requisitos previstos en la presente convocatoria es de 100 € y la cantidad máxima individual será de 850 € atendiendo a los criterios de valoración previstos.

Cuarto. Plazo de presentación de solicitudes.

Quince días hábiles contados a partir del día siguiente a la publicación de este extracto en el Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cervo, 10 de noviembre de 2020.- El alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2809

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - XERMADE

Anuncios

BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA DO CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL "LETRAS GALEGAS 2020

BDNS (Identif.): 528517

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/528517>)

ANUNCIO

Asunto: aprobación das bases e a convocatoria do certame "Arte-llando contra o virus"

A Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade, na sesión ordinaria celebrada o 14/10/2020 aprobou as bases e a convocatoria do Certame de Narración e Debuxo Infantil "Letras Galegas 2020", que se transcriben íntegramente:

"BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA DO CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL "LETRAS GALEGAS 2020"

Expediente número: 629/2020

Bases reguladoras:

Primeira: Obxecto da convocatoria

Establécense as bases reguladoras do Certame de Narración e Debuxo Infantil "Letras Galegas 2020" organizado pola Biblioteca Pública Municipal do Concello de Xermade co gallo do Día das Letras Galegas 2020, adicado a Ricardo Carvalho Calero, baixo o réxime de concurrencia competitiva.

Segunda: Participantes

Este certame vai dirixido aos nenos/as e mozos/as de Xermade e/ou matriculados no CEIP de Xermade, que non posúan a maioría de idade no día de remate do prazo de presentación dos traballos.

Terceira: Dotación orzamentaria

Haberá 12 premios, catro por cada categoría. Os agasallos serán vales por importe de 60€, para trocar polos premiados/-as no establecemento colaborador que se indicará no anuncio de publicación dos premios.

O importe estimado do gasto nos vales é de 720€. Aqueles premios que quedasen desertos pola non presentación de obras poderán ser destinados a incrementar a dotación de cada un dos vales, sen que poida exceder en ningún caso o importe da partida destinada a estes premios.

Co inicio do curso escolar e no contexto epidemiolóxico que estamos a vivir imos substituír os premios en material escolar que viñamos facendo en anos anteriores, por vales, coa finalidade de minorar o gasto mensual que están a afrontar as familias en máscaras, xeles hidroalcoólicos, etc.

Cuarta: Categorías

Establécense tres categorías:

A, Ata 8 anos:

Narración: 2 premios

Debuxo: 2 premios

B, De 9 a 11 anos:

Narración: 2 premios

Debuxo: 2 premios

C, De 12 a 17 anos:

Narración: 2 premios

Debuxo: 2 premios

Quinta: Presentación de obras

As narracións teñen que estar escritas en galego, cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara; e os debuxos terán que presentarse en cartolina de tamaño DIN A4. Os traballos terán que ser orixinais e inéditos e versarán sobre o tema que se propón a continuación: "Xermade, o meu pobo"

Poderanse presentar como máximo dous traballos por persoa: un de debuxo e outro de narración.

Na propia obra deberá indicarse o título da obra e un pseudónimo (opcional) do autor/a.

Para garantir o anonimato dos textos e debuxos non poden aparecer os datos persoais dos autores ou autoras nin a súa sinatura. Deberá presentarse a folla de inscrición (Anexo I) debidamente cuberta e asinada polo pai, nai ou titor do/a menor. A esta folla de inscrición gramparase a obra.

O prazo de recepción das obras comezará o 20 de outubro e rematará o 15 de novembro de 2020.

Os traballos, xunto coa solicitude de inscrición, deberán presentarse na Biblioteca Pública Municipal de Xermade.

Sexta: Avaliación dos traballos

O xurado estará formado por tres membros do ámbito cultural e educativo e por un secretario ou secretaria, con voz pero sen voto. A súa composición farase pública na acta de resolución dos premios.

Da reunión do xurado realizarase unha acta na que se incluírán o número de traballos presentados, así como a proposta das obras premiadas. O xurado poderá propoñer declarar desertos os premios.

A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sobre as que, diante de calquera dúbida, prevalecerá a resolución que adopte o xurado, por maioría simple dos seus membros. O incumprimento das bases suporá a descalificación no concurso. En contra das decisións do xurado non caberá ningún tipo de recurso.

Serán causas de exclusión as seguintes:

Non presentar as obras no prazo establecido segundo a base quinta.

Non estar en lingua galega.

Non estar empadroadado/a ou asistir ao centro escolar de Xermade.

Incluír na obra os datos persoais do/a autor/a.

Non estar completamente cuberta e asinada a folla de inscrición ou que os datos nela incluídos sexan incorrectos.

O xurado avaliará os traballos tendo en conta a orixinalidade, o desenvolvemento, a imaxe plástica do conxunto e a corrección do texto.

Sétima: Exposición e publicación das obras

Os traballos premiados estarán expostos na Biblioteca Municipal e pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública que se reserva o dereito de publicación dos mesmos nas redes sociais e webs municipais. Neste senso o/a autor/a renuncia a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autoría.

Oitava: Datos de carácter persoal

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Xermade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos taboleiros de anuncios.

En Xermade, 15 de outubro de 2020 e co visto e prace do Alcalde, A auxiliar de biblioteca: María González Cabarcos

ANEXO I

Solicitud de participación no Certame “Letras Galegas 2020”

DATOS DO PAI/NAI OU TITOR

NIF

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

Teléfono

Enderezo electrónico

Enderezo

C.P.

Municipio e provincia

DATOS DO MENOR

NIF

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

Empadroadado/a en Xermade

Si

Non

Matriculado/a no CEIP de Xermade

Si

Non

DATOS DA OBRA

TÍTULO DA OBRA

PSEUDÓNIMO DO/A AUTOR/A

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta nas administración públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

Opóñome á consulta

DNI /NIE do pai /nai ou titor

DNI/NIE do menor (se o ten)

Empadroamento

Matrícula no CEIP de Xermade

NON autorizo a publicación do nome e apelidos do/a menor

NON autorizo a realización de fotos/vídeos ao meu fillo/a no acto de entrega de premios

SINATURA DO PAI/NAI OU TITOR

LUGAR E DATA:”

Xermade, 15 de outubro de 2020.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2847
